

N vésperas da morte de Franco, cando a fin do réxime era evidente, a oposición franquista da que terían que saír os protagonistas da democracia comenzou a organizarse. Tratábase de estar preparados para o que viría. Eran numerosas as forzas políticas clandestinas, pero tanto no interior coma as que tiñan os seus máximos dirixentes no exterior, estaban moi divididas, tiñan poucos afiliados e, agás contadas excepcións, escasa capacidade de acción. Excepto ETA e algúns pequenos grupúsculos, non eran partidarias da violencia. A súa forza radicaba no convencemento de que sen elas non se podería construir esa nova etapa da historia de España anunciada por don Juan Carlos I no día da súa proclamación como Rei de España, o 22 de novembro de 1977.

As palabras de don Juan Carlos producironse nun clima de confusión, incerteza e esperanza. A penas transcorreran dous días da morte de Franco e o futuro era unha incógnita para todos. Temíase que houbesen confrontamentos, actuacións incontroladas, caza de "roxos", así que por aqueles días moitos decidiron tomar precaucións e non aparecer polos seus domicilios. O 27 dese mesmo mes repetíase a cerimonia de proclamación do Rei, áinda que esta vez o acto estaba destinado ó consumo exterior. Á mesma hora, numerosos manifestantes concentráronse ante as portas do cárcere de Carabanchel para pediren amnistía para os presos políticos. Houbo varios detidos. Sete anos despois, os socialistas chegarían ó poder apoiados por unha mayoría de dez millóns de votos. Por primeira vez en medio século, a esquerda tiña nas súas mans o goberno da nación.

Cando morreu Franco, o 20 de novembro de 1975, o PCE era o partido más poderoso e organizado da oposición, gracias en gran parte ás transformacións e á imaxe renovada coa que pretendía esvaece-los receos anticomunistas na opinión pública española e internacional. Parte deste proceso da creación da Junta Democrática, presentada en xullo de 1974, en medio dunha grande expectación, por Santiago Carrillo (que empezaba a ser un pouco menos clandestino en España) e Rafael Calvo Serer (nonárquico, destacado membro do Opus Dei e editor do diario *Madrid*, cerrado por Franco) no hotel Lutce de París á prensa internacional. A Junta Democrática era a posta en práctica da "acción democrática nacional" propiciada polo PCE e que buscaba formar unha alianza entre organizacións democráticas políticas e sindicais. Integrábana, ademais do PCE, outros grupos minoritarios como os socialistas de Enrique Tierno Galván (PSP) e de Rojas Marcos (Alianza Socialista de Andalucía), e personaxes como Antonio García Trevijano, José Vidal Beneyto, así como CCOO. Despois incluiríanse outros partidos máis á esquerda que se foron incorporando ó PCE, como a maioísta Bandera Roja, escindida do PSUC, o PTE, etc.

Os puntos fortes do programa eran a creación dun goberno provisional que restablecese as liberdades e convocase un referendo para decidir entre monarquía ou

A oposición clandestina reorganízase e sae á luz

Por Berta Fernández

república. En realidade tratábase de oponerse á continuidade do réxime franquista baixo a monarquia de Juan Carlos, e, nalgún momento, proponle a don Juan de Borbón, a través de García Trevijano, que encabece a Junta, o que rexeitou.

RUPTURA DEMOCRÁTICA

Outras moitas forzas rexeitaban entrar na Junta e, en xuño de 1975, crearon a Plataforma de Convergencia Democrática, integrada inicialmente polo PSOE, Izquierda Democrática (democraciáns de Ruiz-Giménez), Unión Social Demócrata Española (USDE), Organización Revolucionaria del Trabajo (OTR), Movimiento Comunista (MC) e Partido Carlista. Menos partidaria das mobilizacións populares ca Junta, en cambio tiña máis apoio exterior, gracias á Internacional Socialista á que pertencia o PSOE, que xa passara polo Congreso de Suresnes —XII no exilio— no que, en 1994, os mozos do interior lle plantaron cara ó histórico Llopis coa formación do que pasaría a ser coñecido como o 'pacto do Betis' entre sevillanos e bascos, e no que foi elixido secretario xeral Felipe González, coñecido polo alias de 'Isidoro'.

Na Plataforma había unha gran desconfianza cara ó protagonismo do PCE e estaban máis atentos a prepararse para o posfranquismo ca no derrocamento do franquismo na súa etapa final. Non obstante, abríronse conversas, que estiveron cheas de reticencias, e, pese ás diferencias estratéxicas, che-

gan a un acordo sobre o que se consideraría como "ruptura democrática".

O 30 de outubro de 1975 faixe público o primeiro comunicado conxunto da Junta Democrática e da Plataforma de Convergencia Democrática, 'A los pueblos de España', no que rexeitan "a continuidade do réxime e de tódalas institucións que fixeron imposibles as liberdades democráticas", e manifestan a súa vontade de emprender "sen dilación ningunha" accións políticas para a liberación dos presos e detidos políticos e sindicais e o retorno dos exiliados, o eficaz exercicio dos dereitos humanos e liberdades políticas, sen exclusión de ningún partido, así como o "plenamente efectivo exercicio dos dereitos e das liberdades políticas das distintas nacionalidades e rexións do Estado español". O último punto preconizaba "a ruptura democrática mediante a apertura dun períofo constitutivo que conduza, a través dunha consulta popular baseada no sufragio universal, a una decisión sobre a forma do Estado e do Goberno".

O texto só ten eco nunha parte da prensa española, sobre todo as revistas políticas do momento como *Cuadernos para el Diálogo*, *Possible*, *Doblón Guadiana* e *Cambio 16*. Cinco meses despois, en maio de 1976, creárase a Plataforma de Organizacións Democráticas, máis coñecida como a 'Platajunta', o que supón un logro importante no proceso de unidade da oposición democrática. Para entón, o Goberno Arias Navarro/Fraga agonizaba e, dentro

del, Adolfo Suárez puxérase en contacto coi algúns membros da oposición. CCOO conquistara o espazo laboral e clandestinos e ilegaís empezaban a ser tolerados.

A TRANSICIÓN

Nos anos 1976 a 1978 prodúcese a transición propriamente dita. Candado, para sorpresa de todos, o 4 de xullo de 1976, Juan Carlos I nomeou a Suárez presidente do Goberno, a transición entrou nunha



fase de aceleración que poucos se atreverían a imaxinar. Ese mesmo ano celebrábase o primeiro congreso de UGT en España desde a guerra civil. A pouco de chegar á presidencia do Goberno, sucederíonse as citas secretas de Suárez cos principais líderes da oposición, sen que na maioría dos casos transcederan á opinión pública. O outro obxectivo prioritario de Suárez era a amnistía, que se aprobou na Coruña o 30 de xullo.

Adolfo Suárez tivo a intuición, e a visión histórica, de legalizar o PCE, en contra da opinión das aínda poderosas forzas do antigo réxime e membros do seu propio

Goberno, así como dalgúns socialistas que vián nisto un risco engadido na batalla por ocupá-lo poder hexémónico da esquerda. Outros, pola contra, opinaban que se debería crear un gran problema se os comunistas permanecían fóra do xogo político, porque podería ser interpretado como unha concessión de privilexios por parte dos que, á fin e ó cabo, proviñan do franquismo.

Desde 1975, o PCE estaba no que se deu en chamar "eurocomunismo", pero á súa fronte permanecía a vella garda comunista, vinculada á guerra civil e a Moscova. Para moitos, Carrillo era o "asesino de Paracuellos", como se encargaran de aircar algunas publicacións identificadas coa extrema dereita. Esa continuidade resultou, co tempo, negativa para recoller votos, a diferencia do PSOE, que en 1976 celebrou o seu primeiro congreso en España desde a guerra civil, que supuxo a consagración de Felipe González como secretario xeral e líder do partido, e do que andando o tempo sería o "felipismo". Logo, en 1978, nunha rolda de prensa en Barcelona, anunciaría a renuncia do PSOE ó marxismo, o que se consumou, non sen gran rebuñío no seo do partido, no congreso de maio de 1979.

Foi precisamente uns días despois do primeiro congreso do PSOE, en Madrid, cando Santiago Carrillo celebrou unha rolda de prensa clandestina na que se presentou sen perruca ante os periodistas. Faltaban só cinco días para a celebración do referendo sobre a reforma política. O 15 de decembro de 1976, Suárez logra un éxito espetacular: o "sí" recibe o 94 por cento dos votos, mentres que a abstención propugnada pola esquerda só logra o 22 por cento, e o "non" defendido polos franquistas non supera o 3 por cento. Sete días despois, Carrillo foi detido na capital. Ofrecerónlle regresar a París ou quedar e pasas a disposición do Tribunal de Orde Pública. O 9 de abril de 1977, Sábado Santo, Suárez legalizou os comunistas. A sorte estaba botada.



Mitín de Santiago Carrillo nun cine de Madrid durante a primeira campaña electoral